

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CUNTIS

Subvencións

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DESTINADAS AO APOIO Á NATALIDADE NO CONCELLO DE CUNTIS

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DESTINADAS AO APOIO Á NATALIDADE NO CONCELLO DE CUNTIS

BDNS(Identif.):324129

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.—Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as nais e pais empadroadas no Concello de Cuntis, polo menos un deles cunha antelación de nove meses e con fillos/as nadas/os entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016

SEGUNDO.—Obxecto da subvención

Regular o procedemento da concesión de axudas as nais e pais empadroadas no Concello de Cuntis, polo menos un deles cunha antelación de nove meses e con fillos/as nadas/os entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016

1. As axudas serán como máximo de 300 euros por cada fillo/a nado ou adoptado entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016.

2. No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida nun grao igual ou superior ao 33% ou recoñecemento da situación de dependencia, a contía da axuda poderá chegar a 500 euros.

3. No caso de nacementos ou adopcións en familias numerosas ou familias monoparentais, a contía da axuda poderá chegar a 500 euros.



No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións e excédase o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto será prorrateado entre as solicitudes admitidas.

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvencións, axuda ou ingreso obtido para a mesma finalidade.

TERCEIRO.—Bases reguladoras

Bases de execución do Orzamento de 2016.

CUARTO.—Importe

O orzamento destinado a este programa é de 6.000,00 €, con cargo á partida 231.480.00

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións e excédase o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto será prorrateado entre as solicitudes admitidas.

QUINTO.—Prazo de presentación de solicitudes

As bases da convocatoria anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na páxina web do concello de Cuntis e no Taboleiro de Anuncios.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincial e rematará o día 16 de decembro de 2016.

Cuntis, 28/11/ 2016.—O Alcalde-Presidente, Manuel Campos Velay.

